

CIRCULAR 274

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

NOVEMBRO 2018

 NON-VIOLENCIA DE
XENERO

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Coordinador coa Sección de Psicología Educativa / TIC e Administración Electrónica



Ana Isabel Martínez Arranz

Secretaria / Coordinadora do GIPCE



Sandra Fernández Rodríguez

Vicesecretaria / Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional / Coordinadora coa Comisión de Psicología do Deporte



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Servizos Colexiais



Mª del Carmen González Pais

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Fátima López Rodríguez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade / Coordinadora coa Sección de PTO



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Publicacións / Coordinador coa Sección de Psicología da Intervención Social



Marina Ortega Otero

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicología Xurídica



Socorro Rodríguez Holguín

Vogal / Relacións Académico-Profesionais



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 275 e sairá a principios do mes de xaneiro de 2019.

A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de decembro de 2018.

6	Información Xeral
14	Información das Seccións
21	GIPCE
22	O Código Deontolóxico
23	Grupo de Tráfico e da Seguridade
25	Comisión Intersectorial de Xénero

Editorial

Violencias contra as mulleres: a violencia obstétrica

«*O trauma do parto reside na mirada de quen o percibe*» (Cheril Beck, 2004), é unha cita que podería definir a necesidade profesional e social de falar da realidade da violencia obstétrica, poñendo o foco na «mirada» de quen a vive, independentemente das diferencias individuais.

A violencia obstétrica é definida por Pérez de Gregorio (2010) como «*un trato xerárquico e deshumanizador, un abuso de medicalización e da patoloxización dos procesos naturais, traendo consigo unha perda de autonomía e da capacidade de decidir libremente sobre os seus corpos e a sexualidade, impactando negativamente na calidade de vida das mulleres*».

Aínda que por definición estamos falando dun tipo de violencia de xénero, dado que é un tipo de violencia que principalmente perciben as mulleres, non soamente afecta a estas, senón que tamén ao bebé, ás súas parellas e mesmo ao persoal sanitario. A violencia obstétrica responde a un modelo médico-asistencial xerárquico que pasa por alto moitas veces as necesidades de mulleres e bebés no parto, e sobre todo a importancia dos aspectos neurohormonais que propician o establecemento dun recordo profundo da experiencia, sexa esta agradable ou traumática.

As súas consecuencias pasan por aspectos físicos máis «visibles», que non deixan de ser máis importantes que os aspectos emocionais e psicolóxicos non tan «evidentes», que poden conlevar un trastorno de estrés postraumático, sintomatoloxía ansiosa ou depresiva, tocofobia, dificultades para establecer a vinculación co bebé ou no establecemento da lactancia. Moitas destas mulleres senten que se lles «roubou» o parto, séntense indefensas, vulnerables e violentadas polo trato recibido; e moitas veces, polo «trato non recibido». É moi importante ter en conta para poder intervir e reparar que moitas destas mulleres non se permiten nin sequera expresar o que lles acontece, porque socialmente ten que «agradecer» os coidados, focalizarse no que está ben e aceptar que as intervencións que probablemente para ela non fosen necesarias, foron postas en práctica polo seu ben. A muller deixa de ter voz e mesmo asume, normaliza e xustifica a vivencia traumática.

Cal é a razón pola que se pode dar e incluso «normalizar» este tipo de violencia? A psiquiatra perinatal Ibone Olza (2014) fala de tres causas principais para que se dea. A primeira delas corresponde coa «falta de formación e habilidades técnicas para afrontar os aspectos emocionais e sexuais do parto»; a segunda fai referencia ao propio «trauma non resolto» dos/as propios/as profesionais, dada a falta de espazos nos que poder falar e expresar as súas propias vivencias e necesidades; e por último o síndrome de *burnout*, bastante frecuente no persoal sanitario.

A propia Organización Mundial da Saúde recoñece a existencia deste tipo de violencia contra as mulleres e no ano 2014 emitiu unha declaración para a «Prevención e erradicación da falta de respecto e o maltrato na atención ao parto nos centros de saúde», reclamando unha serie de accións máis enérxicas, diálogo e investigación en torno a este tema que vulnera os dereitos humanos básicos. Nesta declaración, a Organización Mundial da Saúde afirma que *«en todo o mundo, moitas mulleres sofren un trato irrespectuoso e ofensivo durante o parto nos centros de saúde, que non só viola os dereitos das mulleres a unha atención respectuosa, senón que tamén ameaza os seus dereitos á vida, a saúde, á integridade física e á non discriminación»*.

Se coñecemos as causas e, sobre todo, as consecuencias, pasa a ser de vital importancia o traballo dos psicólogos e psicólogas como profesionais da saúde para a prevención, acompañamento e intervención non soamente das mulleres, bebés e familias que sofren as consecuencias deste tipo de violencia, senón tamén dos e das profesionais que dunha banda a padecen e pola outra, a manteñen.

A violencia obstétrica fala dun modelo de asistencia ao parto que non soamente deshumaniza e priva de autonomía e liberdade á muller, senón que pode causar un dano físico, emocional e psicolóxico que traerá consecuencias a curto e longo prazo no seu benestar e saúde; e por extensión ao bebé, á familia e á sociedade da que formamos parte. Non se trata tanto de buscar culpables, senón de informar, dar espazo, ofertar ferramentas e asistencia para xerar un cambio que erradique este tipo de violencia nun momento moi importante e vulnerable para as mulleres e os bebés.


É preciso argallar políticas sociais, concienciación na comunidade e un sistema que permita a investigación, análise, detección, formación e erradicación deste trato ás mulleres nun momento de tanta importancia e carga vital para as mulleres, crianzas e familias en xeral. Os e as profesionais e gobernos deben velar por unha atención ao parto e nacemento respectuosos, incorporando aos seus programas a perspectiva de xénero, os dereitos humanos e a autonomía das pacientes, garantindo a mellor atención e perseguindo as actuacións violentas e deshumanizadoras.

A violencia obstétrica vulnera dereitos fundamentais que como profesionais e como sociedade debemos protexer. Comecemos por visibilizala, para darlle voz a esas mulleres e crianzas que non saben como facelo.

Relacións institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

- Acudiu á reunión con Ana Doval, da Deputación de Pontevedra, de cara a estudar posibilidades de colaboración entre ambas institución, o día 4 de setembro.
- Asistiu ao IV Congreso da Ordem dos Psicólogos Portugueses, que tivo lugar na cidade de Braga (Portugal), entre os días 12 e 15 de setembro, onde participou nunha mesa redonda sobre a violencia de xénero e a súa abordaxe psicolóxica.



M^a Rosa Álvarez Prada no IV Congreso da OPP

A representante do COPG no Grupo de Traballo en Continuidade de Coidados para a elaboración do Plan Estratéxico de Saúde Mental, Delia Guitián Rodríguez, acudiu á terceira xuntanza de dito Grupo de Traballo o día 15 de outubro.

En representación do Colexio

A vicesecretaria do COPG, Sandra Fernández Rodríguez, participou no VII Encontro dos Servizos Sociais Comunitarios que organiza o Consorcio das Mariñas, o 5 de outubro, e entreviú

INFORMACIÓN
XERAL



M^a Rosa Álvarez Prada



Delia Guitián Rodríguez



Sandra Fernández Rodríguez

nunha mesa de carácter multidisciplinar baixo o título «O reto de construír a intervención social do futuro».

María Dolores González Fernández, coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicología do Deporte, acudiu á primeira reunión da Comisión Galega de Control da Violencia, da que o COPG forma parte.



Mª Dolores González Fdez.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada:

■ Xunto co vicedecano e membro electo da División de Psicología Educativa, Hipólito Puente Carracedo, e a tesoreira da Sección de Psicología Educativa, Begoña Castro Iglesias, participaron nas II Xornadas Estatais de Psicología Educativa, que se celebraron en Sevilla, os días 28 e 29 de setembro, organizadas polo Consejo General de la Psicología de España, a División de Psicología Educativa e o Colegio Oficial de Psicología de Andalucía Occidental.



Begoña Castro, Hipólito Puente e Mª Rosa Álvarez

■ Acudiu ao XI Congreso Iberoamericano de la Psicología, xunto co vogal da Xunta de Goberno do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, que tivo lugar entre o 11 e o 13 de outubro en Córdoba (Arxentina).



Mª Rosa Álvarez no XI Congreso Iberoamericano de la Psicología

■ Asistiu á reunión da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología o día 12 de outubro en Córdoba (Arxentina) no marco do XI Congreso Iberoamericano de la Psicología.

Servizo de quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero en Galicia

A Xunta de Galicia está a tramitar un convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a posta en marcha dun servizo de quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero en Galicia.

Desde o COPG abrimos a listaxe para o seu funcionamento, que se pode consultar na páxina web así como os requisitos para integrala ou descargar o formulario de solicitude de acceso.

O servizo activarase en posibles situacións de urxencia a demanda das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado radicados en Galicia, Policía Autonómica ou Policía Local de Galicia, e prestarase no lugar requirido pola entidade derivante.

Concurso artístico «Pola Igualdade» 2018

A Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten como función principal contribuír á corrección da discriminación que sofren as mulleres, propoñendo unha serie de actuacións concretas que camiñen cara a a igualdade real.

Unha desas actuacións consiste en convocar o concurso artístico «Pola Igualdade» 2018, co obxectivo de concienciar o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) sobre a desigualdade existente entre mulleres e homes e promover a reflexión para lograr a igualdade neste ámbito.

Poderán participar no concurso as alumnas e os alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), tanto de 1º como de 2º ciclo, de centros de ensino de Galicia, individualmente.

O tema será a promoción da igualdade entre as mulleres e os homes en calquera dos ámbitos da vida: social, laboral, doméstico etc. con técnica libre, tanto en formato fotografía como cartel.



Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía da Intervención Social

Informámosche de que o Consejo General de la Psicología puxo en marcha a Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía da Intervención Social.

A tramitación en Galicia, a efectos de presentación de solicitudes e de recollida de documentación, realízase a través do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Para solicitala é preciso presentar os formularios e a documentación acreditativa de formación e experiencia específica que se recolle na seguinte páxina web: www.acreditaciones.cop.es. A súa valoración será efectuada por un Comité de Valoración do COPG e posteriormente a certificación serán emitida polo Consejo General de la Psicología.

O procedemento de acreditación, no que se detallan os criterios e requisitos para a presentación de solicitudes, está dispoñible na páxina web: www.acreditaciones.cop.es

Alegacións realizadas polo COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou un recurso de reposición diante da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia contra a Orde do 24 de agosto de 2018 pola que regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e se convocan en réxime de concorrência competitiva para os anos 2018 e 2019, feita pública o venres 7 de setembro de 2018 mediante publicación no DOG.

O COPG participa no Consello Municipal de Saúde do Concello de Monforte de Lemos

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia forma parte desde o mes de outubro deste ano do Consello Municipal de Saúde do Concello de Monforte de Lemos (Lugo). Para actuar en representación do Colexio foi designada a colexiada Sagrario Ferreira Pernas.



Sinatura dos convenios de mediación intraxudicial de Pontevedra e Vigo

Asináronse recentemente os convenios de colaboración entre o Consejo General del Poder Judicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Ilustre Colegio Provincial de Abogados de Pontevedra, o Colexio de Avogados de Vigo e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, para o desenvolvemento dos programas de mediación familiar intraxudicial para o ano 2018 en Pontevedra e Vigo. Estes programas véñense a unir aos outros que xa se están desenvolvendo con éxito en similares condicións en Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña e Ferrol.

CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Pola loita contra
o intrusismo


—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo



APELIDOS
NOME

G-7542
Número de colexiado/a

O teu número
de colexiación
ten moito valor
faino ver



Nome Apelido Apelido

Acto conmemorativo do 40 aniversario da primeira promoción

O venres 26 de outubro tivo lugar no Pazo de Fonseca, en Santiago de Compostela, a celebración do 40 aniversario da primeira promoción da Licenciatura de Psicoloxía (1973 - 1978) da Universidade de Santiago de Compostela, organizado conxuntamente polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da USC.

No Salón Nobre do Pazo celebrouse un acto que contou coa participación de María Victoria Otero Espinar, vicerreitora de Titulacións da USC, a decana da Facultade de Psicoloxía, M^a Lourdes Mirón Redondo e a decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Rosa Álvarez Prada. O catedrático de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da USC e primeiro presidente do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, Miguel Pérez Pereira, impartiu unha conferencia titulada «A psicoloxía en Galicia: reflexións sobre a súa historia», na que fixo un profuso repaso polo desenvolvemento deste eido científico na nosa Comunidade, desde os seus inicios ata a actualidade, así como os principais retos que quedan por diante tanto no ámbito académico como no profesional. Pechouse o acto cunha emocionante intervención do psicólogo Juan Luis Basanta, en representación do alumnado da Promoción, que lembrou as andainas de catro décadas atrás.



Acto do 40 aniversario da primeira promoción

Novo teléfono da asesoría xurídica do Colexio

O servizo de asesoría xurídica do COPG realizarase a través dun novo número de teléfono.

Os datos de contacto son:

Asesora: Cecilia Barros Díaz

Día e horario: Martes de 17.00 a 20.00 horas

Teléfono: 690 846 782

Fóra deste horario pódense realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com.

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio:

<http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa>

<http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: [@copgalicia](https://www.twitter.com/copgalicia)

in LinkedIn: <https://www.linkedin.com/company/copgalicia>

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG, tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Nestes meses pasados conmemoráronse os días das persoas maiores, do Alzheimer, das persoas con discapacidade.

Sería desexable que non tiveran que existir días específicos que nos fagan lembrar que unha parte da cidadanía ten os seus dereitos minguados e que de non estar atentos e facelos visibles, perderíamos o que unha gran parte de poboación pode proporcionar para enriquecemento da sociedade en conxunto ademais de cometer unha grave inxustiza social.

Desde a Sección de Psicoloxía de Intervención Social estamos pendentes desas celebracións e, como non, participamos con manifestos e actividades específicas.

Neste sentido, estivemos presentes cun posto informativo e divulgativo entre as persoas que andiveron mercando na praza de abastos de Santiago de Compostela o 29 de setembro. Os membros do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento, Arturo X. Pereiro Rozas (profesor da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela) e Pedro Santamaría Gargamala (psicoxerontólogo) estiveron informando sobre todo o que pode facer a psicoloxía polas persoas maiores, ademais de ofrecer un cribado do estado cognitivo a aquelas que estivesen



Posto informativo na praza de abastos de Santiago de Compostela

preocupadas pola súa memoria. O balance da actividade foi moi positivo, xa que foron moitos os homes e mulleres que se achegaron para obter información sobre esta cuestión. Toda unha experiencia positiva para o Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento que levou a cabo a experiencia e, por extensión, para a Sección de Psicoloxía da Intervención Social e da Psicoloxía en xeral.

Dar visibilidade á Psicoloxía como profesión, dar a coñecer o que sabemos facer e como podemos contribuír a facer máis doado o cumprimento dos proxectos de vida de cada persoa, tamén cando cumpren anos sexan ou non dependentes, parécenos de vital importancia sobre todo nun momento no que parece que a parte psicolóxica das persoas queda esquecida ou anulada desde os recursos que se van poñendo en marcha.

Se buscamos unha atención integral das persoas, tamén das persoas maiores e/ou con discapacidade e da súa contorna inmediata, non podemos esquecer a Psicoloxía da Intervención Social.

Xa sabemos que temos que abandonar a opción asistencialista como única, xa non é válido enfocar os Servizos Sociais sen contar coas persoas como seres biopsicosociais se en realidade a atención está centrada na persoa e pretende ser de calidade. Porque a atención integral implica tamén a atención psicolóxica; do contrario, non se pode chamar atención integral e tampouco se pode chamar de calidade.

Para perfeccionarnos na atención como profesionais ás persoas maiores, haberá un seminario en decembro que trate sobre os sistemas de suxeición nos centros residenciais.

Ademais estamos a organizar formación específica de Intervención Social en centros penitenciarios de Galicia, a primeiros do ano vindeiro teremos un curso programado.

E facer mención a que desde a Sección de Psicoloxía da Intervención Social temos interese en responder as inquietudes profesionais das persoas asociadas, para iso precisamos coñecer todas as propostas que poden ser enviadas a través do COPG.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG:
<https://copgalicia.gal/seccions/intervencion-social>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación prevista

A Sección de Psicoloxía e Saúde está preparando diferentes actividades formativas para o ano 2019. Entre elas, estanse a planificar cursos sobre psicooncoloxía infantil ou terapia grupal, entre outros.

Formación realizada

Os pasados días 5 e 6 de outubro estaba programada a realización do curso «Atención psicolóxica a persoas con discapacidade», contando con Hadriana Ordóñez Otero coma docente do mesmo. Esta actividade, coordinada por María Blanco Suárez (vogal da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG), foi finalmente suspendida por non se ter cuberto o número mínimo de prazas de asistentes.

XXIII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde

Os vindeiros días 23 e 24 de novembro de 2018 celebráranse no Carballiño (Ourense) as XXIII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, tituladas «Das vellas tecnoloxías ás tecnoloxías emerxentes: a dixitalización das contornas e das relacións». O obxectivo destas Xornadas é fomentar a reflexión e o intercambio de coñecementos sobre o uso das novas tecnoloxías na profesión, como unha forma de aplicación na psicoterapia online, no emprego das redes sociais, na contornas de realidade virtual, entre outros aspectos.

Toda a información relacionada coa inauguración, as conferencias, as comunicacións e as inscricións pódense consultar no seguinte enlace:

<https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-da-saude/xxiii-xornadas-da-seccion-de-psicologia-e-saude-das-vellas>

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E EDUCATIVA

A Sección de Psicoloxía Educativa do COPG colaborou coa Ordem dos Psicólogos Portugueses (OPP) na 4ª Edición do Congreso da OPP, que se celebrou entre os días 12 e 15 de setembro de 2018 na cidade de Braga (Portugal).

Por unha banda presentaron o simposio «A convivencia nos centros educativos é tarefa de toda a comunidade.» Nel a presidenta da Sección Manuela de Palacio García fixo a exposición baixo o título «Axúdalle fronte ao acoso escolar»; Ana Mª Ulloa Lage, vicepresidenta, falou sobre «A mediación na resolución de conflitos» e a tesoureira, Mª Begoña Castro Iglesias, entrevistou co título «Revisión crítica do acoso escolar en Galicia». Tamén presentaron o póster «A psicoloxía educativa fronte ao acoso escolar. Guía práctica para as familias»



Ana Mª Ulloa, Manuela del Palacio e Mª Begoña Castro

Mª Begoña Castro Iglesias tamén participou nas II Jornadas Estatales de Psicología Educativa, organizadas polo Consejo General de la Psicología, que se celebraron en Sevilla os días 28 e 29 de setembro coa presentación do póster que levou por título «Bullying, un caso atípico» no cal se pon de relevancia

Obradoiro Orientación
profesional con perspectiva
de xénero



os efectos das discriminacións e da desigualdade que sofren as mulleres no ámbito laboral. Foi impartido por Nines Jordán Mateos, psicóloga e orientadora laboral na Federación de Mujeres Progresistas de Madrid, a través dunha metodoloxía participativa baseada na aprendizaxe significativa.

Ao longo das catro horas que durou a sesión formativa, aberta a todos os colexiados e colexiadas do COPG, establecéronse pautas para introducir a perspectiva de xénero nas diferentes fases do proceso de orientación sociolaboral, facilitando a adquisición ou consolidación das competencias básicas para a análise de necesidades, establecemento de obxectivos, avaliación individual, planificación da intervención, intervención directa orientada á persoa e autorreflexión, en consonancia co sistema Europsy e a acreditación de especialista PTO.

Seguridade e saúde laboral

A sección, en colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), desenvolverá un obradoiro sobre a «Avaliación de riscos psicosociais» que se levará a cabo na sede da CEC na Coruña o vindeiro 22 de novembro. Este taller abordará, mediante un achegamento progresivo, os conceptos salientes da dimensión psicosocial da saúde laboral, os seus efectos, algunhas das metodoloxías de avaliación dispoñibles e os beneficios da súa xestión. Para máis información: https://www.cec.es/10/es-ES/Prevencion_de_Riesgos_Laborales/1/

Por outra banda, a sección participará nas XXV Xornadas da Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais (SGPRL) que terán lugar o 30 de novembro no paraninfo do reitorado da Universidade da Coruña (UDC). Baixo o lema «*Innovación, vangarda e tecnoloxía en PRL: O camiño cara o éxito*», este evento ten como principal obxectivo amosar algunhas prácticas innovadoras para a mellora do benestar laboral das persoas traballadoras. O COPG estará representado por José Ortuño Vilurbina, vicepresidente da Sección de PTO, que centrará a súa exposición na importancia do factor humano como solución aos problemas de seguridade nas organizacións. Esta actividade está dirixida a técnicos de PRL, persoal da Administración, delegados de prevención, médicos e enfermeiros do traballo, responsables de RRHH, directivos de empresa, sindicatos e calquera outro profesional con interese na seguridade e saúde no traballo. Para máis información: www.sgpri.org

Se traballas no ámbito da Psicoloxía do Traballo, das Organizacións ou dos RRHH e desexas afiliarte á Sección de PTO, podes facelo empregando o formulario que atoparás na páxina web do Colexio, ou contactando directamente co Departamento de Administración do COPG.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/traballo-e-das-organizacions>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Premio da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG

A Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia acordou convocar o «Premio da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG» cun recoñecemento para os psicólogos e psicólogas colexiadas que desenvolvan o seu traballo no ámbito da psicoloxía xurídica.

Este premio ten como obxectivo recoñecer o labor das investigadoras e investigadores galegos na innovación e desenvolvemento da psicoloxía xurídica.

O prazo de presentación dos traballos ampliouse ata o 5 de novembro de 2018.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/xuridica>

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Formación interna

O curso «Intervención en trauma II», continuación do celebrado no mes de maio, impartido Dolores Mosquera Barral, celebrouse os días 26 e 27 de outubro na sede da Escola Galega de Administración Pública en Santiago de Compostela. Esta formación está dirixida a todos os membros do GIPCE, e a súa duración foi de 16 horas.



Curso Trauma II.

Formación externa

Os días 23 e 24 de outubro, celebrouse na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), unha nova edición do curso «Apoio psicológico básico e manexo de estrés con intervenientes en situacións de emerxencias ou catástrofes», dirixido ao voluntariado de protección civil. O curso que tivo unha duración de 16 horas e foi impartido por M^a Elsa Rodríguez Viña.

Informacións


O simulacro aéreo do aeroporto de Alvedro (A Coruña), previsto para finais do mes de outubro, realizarase finalmente o 6 de novembro. Celebráronse dúas reunións de preparación, unha o 11 de setembro e a outra o 10 de outubro, ás que asistiu a compañeira Elena González Cid, que se encargará de coordinar a intervención do GIPCE durante o simulacro. Participarán nel 5 compañeiros e compañeiras máis, tanto do grupo de intervención como dos novos GIPCEs.

Coa idea de favorecer a integración dos novos compañeiros e compañeiras e para que nos poidamos coñecer nun ambiente máis distendido, este ano estanse a facer comidas en varias localidades. Desde a que tivo lugar en Ourense antes do verán houbo outras dúas máis: o 8 de setembro en Ribeira (A Coruña) e a última en Vigo o 6 de outubro. A seguinte será xa para o ano que vén na Coruña.

Ligazón ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>



Xantar celebrado en Vigo



O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- Protexe coidadosamente os datos de carácter persoal.
- Solicita o consentimento informado expreso ao inicio da intervención.

GRUPO DE TRÁFICO E DA SEGURIDADE

Formación

O día 17 de novembro está prevista a sesión formativa «Amaxofobia, formas de abordaxe» como ámbito de demanda de intervención para todas as compañeiras e compañeiros acreditados. Temos constatado en relación directa coas autoescolas esta demanda de intervención con solicitudes que lles chegan de solucións a problemas de ansiedade relacionados coa conducción. Trátase de atopar fórmulas de posibles protocolos de valoración/ intervención/derivación que recibimos na nosa área e por tanto debemos canalizar.

Posteriormente está previsto realizar a reunión de todo o Grupo de Tráfico e da Seguridade.

Programas: Psicovial e Xornadas de Concienciación

Continúase co desenvolvemento do programa Psicovial en Santiago de Compostela, ao que este ano por mor da folga dos Xulgados só foron destinados tres asistentes. O mesmo motivo causou o retraso do segundo grupo de Xornadas de Concienciación en Ferrol para despois do verán e que se está desenvolvendo neste momento, coa asistencia de once persoas penadas.



Xornadas de Concienciación
en Ferrol

Regulamento Interno do Grupo de Tráfico e da Seguridade

Convidamos os colexiados e colexiadas con interese en formar parte do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, a que formalicen o seu acceso. Só compre asinar certos compromisos vinculados ao Regulamento Interno do Grupo (Anexo III), ao que se pode acceder a través do seguinte enlace

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento_grupo_trafico_seguridade.pdf

División de Tráfico e da Seguridade

Están convocadas para o martes 27 de novembro eleccións aos/ás 3 vogais elixidos polos membros da División á Xunta Directiva da División de Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología. Por outra banda, na vindeira Xunta Xeral do Consejo General de la Psicología do 15 de decembro elixiranse os outros 2 vogais da Xunta Directiva, a proposta dos Colexios autonómicos, de entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito da Psicología do Tráfico e da Seguridade.

Animamos ás colexiadas e colexiados a participar dos proxectos da División, inscribíndose á mesma. O procedemento e requisitos para a inscrición atópanse no seguinte enlace da web do Consejo General de la Psicología: <https://www.cop.es/index.php?page=PSTYS-Formulario>



Ligazón ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/trafico-e-seguridade>

ANUNCIO

Traspásase por xubilación consulta de Psicología e Logopedia. Aberta en 1980, con ampla carteira de pacientes/clientes. En plena actividade, continúaase cos usuarios en activo. Traballo para dous ou tres profesionais. Recoñecemento de Centro Sanitario Polivalente. Ubicada entre Vigo e Pontevedra. Interesad@s contactar con Fátima no tfno. 647 774 06

COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO

Desde a Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia vemos con grande inquietude a cantidade de casos de violencia de xénero que se están a dar e a perpetuación das desigualdades na sociedade actual.

Intentamos contribuír á corrección da discriminación que sofren as persoas polo feito de ser mulleres, e por iso esta Comisión pon en marcha accións de formación para profesionais pero tamén de sensibilización para a poboación en xeral.

Neste eido, para escolares organizamos un concurso de material gráfico, que xa está convocado e que servirá de lanzamento divulgativo nas actividades concretas sobre a violencia de xénero e tamén de soporte para actividades relacionadas.

Tamén pensamos que servirá de apoio ao labor educativo dos centros e das familias ou, cando menos, de tema de reflexión e debate.

Propoñemos, así mesmo, desde a Comisión Intersectorial de Xénero que en todas as actividades das diferentes Seccións do COPG teñamos como base a perspectiva de xénero; incluso nos atrevemos a pedir que polo menos nunha xornada anual, a discriminación sexa abordada explicitamente desde cada ámbito da profesión.

Temos o convencemento de que cada acción que contribúa á desaparición da discriminación, por moi simple que pareza, será sempre máis positiva que as accións que non son levadas a cabo, polo que nos gustaría a participación activa de calquera profesional que comparta ideas e/ou propostas coa Comisión Intersectorial de Xénero que nos axude a cumprimentar os nosos obxectivos de cara a potenciar unha sociedade máis xusta.

Coma sempre, calquera achega se canalizará a través do COPG.

*Ligazón ao apartado do
GIPCE da páxina web do
COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/intersectorial-de-xenero>*

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 690 846 782

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL E LABORAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

ESTATUTOS PARA NÓS

DOS DEREITOS E DEBERES
DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

FUNCÍONS E FINS

DA ORGANIZACIÓN DO COLEXIO

DO VALEDOR DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DO CONSELLO SOCIAL

OBRIGATORIEDADE DE
COLEXIACIÓN E DE INSCRICIÓN
NO REXISTRO DE SOCIEDADES
PROFESIONAIS

EXERCICIO PROFESIONAL

AS SECCIÓNS

DA PARTICIPACIÓN DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DA COMISIÓN DE
ÉTICA E DEONTOLOXÍA

DO RÉXIME ECONÓMICO E
ADMINISTRATIVO

DO RÉXIME DISCIPLINARIO
E DE DISTINCIÓNS



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10 -Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionais
de Psicólogos